

Eduardo Pondal

Lingua Galega e Literatura I - IES Auga da Laxe



Vida e obra de Eduardo Pondal



- Nace en Ponteceso en 1835.
- Entre 1848 e 1860 vive en Santiago de Compostela, onde estuda bacharelato e Medicina, e asiste a actos como o Banquete de Conxo.
- En 1862 inclúese no Álbum de la Caridad unha primeira versión de «A campana de Anllóns». En 1886 publica *Queixumes dos pinos*.
- Morre na Coruña en 1917.

A lingua de Eduardo Pondal

- Emprega unha lingua chea de **cultismos léxicos e semánticos**.
- Elimina **castelanismos** e **vulgarismos**.
- Opta polo **modelo épico culto** e polas **estrofas renacentistas**.
- Procura un **modelo lingüístico supradialectal** a través do cal alcanzar a **dignificación culta do idioma**.



*A lingua tiveran
por lingua d'escravos;
esqueceran os patrios acentos,
suidosos e brandos.*

*Dos propios acentos
tiveran vergonza;
de cautivos falaran palabras,
de servos e ilotas.*

*Deixaran os doces
acentos jocundos
por estrañas palabras de servos,
ignaros e escuros.*

*A nai, afrigida
da escura miseria,
os propios tomara
por gente estrangeira,
e espantada escuitara dos fillos
a plática serva.*



A poesia de *Queixumes dos pinos*

O CELTISMO

O BARDISMO



A NATUREZA

A VIRILIDADE

O HELENISMO



O CELTISMO



O celtismo

- Coincide con historiadores da época, como Manuel Murguía, na existencia dun **pasado celta**. Esta procura no pasado conecta co romanticismo.
- Este pasado celta debe servir aos galegos actuais como **exemplo para loitar pola súa liberdade**.
- Ante a ausencia de heroes celtas máis alá de **Breogán**, toma **nomes da toponimia da Costa da Morte**, concretamente de Bergantiños.





*Boandanza, saúde,
Raza de Breogán;
Teus groriosos destinos,
Certo he doce agoirar:
Raza nobre, anque ruda,
Forte no soportar;
A de boa estatura,
E de corpo lanzal:
Asomellante ôs pinos,
Ben compridos que están,
Sobr' a materna, rápida pendente,
Do monte de Brumar.*

*Raza, q' antigamente,
Ben soía levar,
A brillante armadura,
De fúlgido metal;
E o arco curvo é forte,
Muy récio de dobrar;
E o casco que ceibaba
Un resprandor igual,
A aquel que ceiba trás do escuro monte,
A estrella da miñan.*

*Antr' as espesas brétomas
Do tempo que foi já;
E nos dias dichosos
Q' inda ó mundo virán;
Oh! cantas cousas nobres
Vexo, que comprirá,
A estirpe generosa
Que no céltico chan...*





O bardismo

- O bardo é o poeta, o **vate visionario cuxa misión é guiar o pobo**. O bardo ou bardos convértense na voz de Pondal nos seus poemas.
- Isto lévao moitas veces á **incomprensión** e á **soidade**, pois os galegos non escoitan, e refúxíase na natureza.



*Cando no escarpado cabo,
Sae a fror da caramiña,
Ó cazador anunciando,
A leda estacion garrida;
Cando da doce Suévia,
Ás doces prayas amigas,
En nobelo gentil ajuntadas,
Chegan as ligeiras píllaras;*

*Entonces dó bardo o espírito,
Que soña antr' as uces hirtas;
No formoso instrumento apoyado,
En donde o vento suspira;*

*Mentras os fillos dos celtas,
Cumplen serva e innobre vida;
Entonces o espírito invade do bardo,
Escura melancolía.*



*Cando jázan do cisne,
Os febrentos despoxos,
Sobre do verde da ribeira escura,
E já non s' ouza ó canto armonioso;*

*Dádelle sepultura,
No promontorio aquel areoso e vougo,
Onde ó Anllons, ó seu nativo rio,
(Qu' él mais amóu de todos)
D' a peregrinacion antiga sua,
E do longo traballo hacha repouso.*

*Que diga ó mariñeiro,
Rudo fillo do Osmo,
Ó entrar pol-a Barra,
Volvendo o escuro rostro:
–Alí jáz o que fóra,
N' outro tempo cantor do eido noso.*



A natureza



- A natureza convértese na **voz da Terra**, aquilo que perdura desde o tempo dos heroes pretéritos.
- Cobra importancia o **simbolismo**, xa que a natureza adquire valores que o bardo debe descifrar.



A natureza



Eixe do aire

Aves, ventos, campás, fadas etc.

Eixe da terra

As paisaxes, os ríos e as fontes, lugares etc.

A árbore


Elemento que
conecta os
dous planos



*Feros corvos de Xallas,
Que vagantes andás;
En salvage compañía,
Sin hoxe nin mañan;
¡Quen poidera ser voso compañeiro,
Pol-a gándra longal!*

*Algo de vago e fero,
Do meu ser no profundo
Eu levo, com' as brétomas
Dos curutos escuros;
E unha ruda e salvage
Incrinacion dos seres vagamundos.*

*Algo do rudo vento
Q' azouta o cabo Ougal;
Do salvage miñado,
Que leva o vento soán;
E con nobre ufanía,
O esquivo mato registrando vai!*



A virilidade



- Na poesía de Pondal predomina unha **visión castrense**, unha ética da guerra que **enxalza os trazos masculinos e rexeita os femininos**, asociados co débil, o feble, o mol.
- Isto provocou que parte da crítica contemporánea critique a obra pondalia por **misóxina**.



*As almas escravas,
D' ideas non grandes,
Van pensando mil cousas femíneas,
Molentes e infâmes.*

*Mil sonhos forjando,
Q' o ánimo agobian;
Arrastrando infamantes cadéas,
Cal brandos ilótas.*

*Espíritos brandos,
Esprítos muliebres;
Sedentários, que lenta consóme,
E mórbida frebe.*

*Mais á alma do bardo,
Enérgica, ousada,
Q' audaz libertade,
Tan sóo soña e ama;
Vai pensando en propósitos férreos,
Q' erguéran a pátria!*





O helenismo



- Na liña da chamada á loita, ademais de no pasado celta, Pondal tamén busca referencias no mundo grego.



*Certo eu non me resigno,
Morrer cal quase todos;
Innobre, escuramente,
No leito vergonzoso;
Eu procurar quixéra,
Mais erguidos propósitos,
Que pl' o fortes, vencéran
O ferro riguroso;
En pró d' algunha causa,
Q' honrára os fastos nosos;
E morrer con honor como morréra
Brásidas Valeroso.*



*Non cantes tan tristemente,
Probe e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos,
Pr' adormecer o rapaz;
Onde 'stá a cova do sono,
No céltico carballal;
Cántalle cantos ousados,
Q' esforzado o peito fán;
Cántalle o que já cantára,
O nobre bardo Gundar:*

*A luz virá para a caduca Ibéria,
Dos fillos de Breogán!...*



Os eoas



- Obra coa que Pondal pretende **mostrar a valía da lingua e converterse no auténtico bardo**.
- Traballa nela **desde 1858 até a súa morte**, e non chega a publicala en vida. **Atópase en 2005**.
- É un **poema épico** sobre o descubrimento de América que parte da teoría de que **Colón** era galego. Pondal convérteo nun **heroe galego, español, ibérico e cristián**.
- Está escrita en **oitavas reais**.